

PRODUCCIÓN AVANZADA PARA PRODUTORES

Ferramentas técnicas, económicas e legais para a dirección e coordinación de produción en cine e televisión.

> MATRÍCULA GRATUÍTA

Prazo de solicitudes ata o **25 outubro**

60 horas

20 prazas

> CALENDARIO

FORMACIÓN ONLINE do **9** ao **26** de novembro

XOVES e VENRES / 16.30 - 20.30

SÁBADOS / 10.00 - 14.00 > 16.00 - 20.00

DOMINGOS / 10.00 - 14.00

> ALUMNADO

Profesionais da produción, preferentemente con experiencia no sector. Traballadores en activo, desempregados rexistrados como demandantes de emprego ou autónomos. Os candidatos deben acreditar a súa condición de traballadores en activo e achegar un CV actualizado.

Solicitude da matrícula neste [formulario](#) ou no correo formacion@clag.es

A selección de candidatos comunicárase o **28 de outubro**.

FORMACIÓN PARA PROFESIONAIS



Formación dirixida a profesionais da produción con interese por profundizar e especializarse nas áreas de dirección de produción, coordinación de produción e cost control. O curso, con carácter modular, achégase en profundidade e detalle, seguindo os parámetros do mercado actual, a cada un dos elementos clave para o desenvolvemento completo dunha produción: financiamento da obra e relación coa contabilidade empresarial; deseño e elaboración de orzamentos segundo as condición do proxecto; cost control, contabilidade e cashflow de produción; legalidade audiovisual; preparación, seguemento e xustificación de axudas públicas; e requisitos técnicos de imaxe e son relevantes para as entregas e determinantes para o fluxo de traballo da produción.



MÓDULOS E PROFESORES

9 e 10 N 16.30 – 20.30 **FINANCIAMENTO > ALBERTO DOMÍNGUEZ**

- Fontes de financiamento (introdución, esquema básico e evolución recente)
- Producións e coproducións (tipoloxía, contratos, propiedade e dereitos)
- Ventas de dereitos (canles autonómicas, nacionais e internacionais; distribuidores e axentes de ventas; plataformas)
- Sociedades de garantía recíproca (tipoloxía, operativa e custe)
- Desgravacións fiscais (contrato de préstamo e AIEs, casuística e aproveitamento)
- Subvencións (tipoloxía, contabilidade e efecto no cálculo das desgravacións)
- Convenios publicitarios (Deputacións, Xacobeo e outros mecenados)

Alberto Domínguez desenvolve, desde a súa compañía Finterra, servizos de asesoramento, consultoría e intermediación para o financiamento de producións audiovisuais. Con anterioridade estivo ao cargo da dirección estratéxica e xestión de proxectos da compañía CTV, desde onde exerceu a produción executiva de series como 'O sabor das Margaridas'. É profesor de Estratexia Empresarial e Dirección de Empresas no grao de Administración e Dirección de Empresas da USC.

11 N 10.00 – 14.00 // 16.00 – 20.00 **DESEÑO DE ORZAMENTO > NATI JUNCAL**

- O orzamento como documento vivo
- Desglose e lectura dos elementos clave do guión
- Dimensión da produción e relación co plan de financiamento
- Convocatorias artísticas, xefaturas de equipo e provedores técnicos
- Modelos e exemplos de formulación para a construción do orzamento de traballo

Nati Juncal formouse en produción cinematográfica na New York Film Academy e na Raindance London School. Desde a compañía Cósmica Producións, é produtora executiva de proxectos como a 'As Neves', 'A poeta analfabeta' ou 'Antes de perder', dirixidos por Sonia Méndez. Como directora de produción destaca o seu traballo nas longametraxes 'Matria', de Álvaro Gago; 'Lúa Vermella', de Lois Patiño; ou 'A foreign song' de César Souto.

12, 18, 19 e 25 N 10.00 – 14.00
CONTABILIDADE E COST REPORT >

SUSANA DE LA MATA SERRANO e ARANCHA RODRÍGUEZ DE BUEN

- A figura do controller na produción. Controller financeiro e contabilidade básica.
- Manexo do orzamento tipo español. O modelo ICAA. Cashflow e exercicio práctico.
- Manexo do orzamento tipo anglosaxón. Exercicio práctico.
- Cost report español (modelo ICAA). Exercicio práctico.
- Recoñecemento de custe ante ICAA.
- Cost report modelo anglosaxón (plataformas). Exercicio práctico

Susana de la Mata Serrano adícase desde 1998 á produción audiovisual. Actualmente traballa como cost controller en películas de coprodución internacional. Participou en longametraxes como 'Todos los nombres de Dios', de Daniel Calparsoro; 'As bestas', de Rodrigo Sorogoyen; 'Un año, una noche', de Isaki Lacuesta; ou 'Mediterráneo', de Marcel Barrena.

Arancha Rodríguez de Buen, con máis de 20 anos de experiencia no campo da produción, leva os 5 últimos exercendo como controller financeira para Terraza Films, participando en proxectos como 'La casa entre los cactus', de Carlota González-Adri, 'Las leyes de la frontera', de Daniel Monzón ou 'Valle de Sombras', de Salva Calvo.

16, 17 e 23 N 16.30 – 20.30
LEGALIDADE AUDIOVISUAL > RAMÓN REY

Dereitos de autor e dereitos afíns

- Cuestións xerais e terminoloxía
- Diferencias e similitudes entre dereito de autor e copyright
- Fontes legais
- Autores da obra audiovisual. O produtor audiovisual
- Dereitos morais e dereitos de explotación
- Dereitos de simple remuneración
- O Rexistro da Propiedade Intelectual
- Outros dereitos de Propiedade Industrial

Principais contratos da industria audiovisual

- Contrato mercantil de cesión de dereitos de guión
- Contrato de opción de compra de dereitos
- Contrato mercantil de cesión de dereitos de dirección
- Contrato mercantil de cesión de dereitos de música para audiovisual
- Contrato de Producción e Coprodución
- Contrato laboral de dirección
- Contrato de actores
- Cesión de dereitos de imaxe
- Adquisición de obras preexistentes
- Licencias de explotación

Ramón Rey é Dr. en Dereito pola Universidade de Alcalá de Henares. Máster en Dereito de Autor pola Universidade de Comillas ICADE/ICAI . Exerce a docencia no Máster de Dereito de Autor e Novas Tecnoloxías, no Máster de Creación de Guións Audiovisuais e no Máster de Industria Musical da Universidade Internacional de La Rioja (UNIR). Director de Castelao Abogados, Dereito de Autor e Propiedade Industrial Director do Departamento Legal de Ficción Producciones e Avogado de FAGA (Foro de Asociaciones de Guionistas Audiovisuales)

18 N 16.00 – 20.00 // **24 N** 16.30 – 20.30 // **25 N** 16.00 – 20.00
AXUDAS PÚBLICAS NACIONAIS e INTERNACIONAIS
> MARÍA ROCHER

INTRODUCCIÓN

Elementos básicos das axudas culturais / Lectura de bases > Sedes electrónicas / Documentación básica / Fases / Intensidade

AGADIC

Sede electrónica / Convocatoria de desenvolvemento de proxectos / Convocatoria de produción e coprodución / Obxectivos, requisitos, criterios, documentación, pagos, obrigas e xustificación

ICAA

Sede electrónica / Aprobación de coprodución / Axudas selectivas / Axudas xerais / Minoritarias / Obxectivos, requisitos, criterios, documentación, pagos, obrigas e xustificación

IBERMEDIA

Concepto de axuda retornable / Codesenvolvemento de películas / Codesenvolvemento de series / Coprodución / Países membro, obxectivos, requisitos, criterios, documentación, pagos, obrigas, xustificación e devolución do préstamo

EURIMAGES

Coprodución de películas / Coprodución de series / Guidelines e criterios europeos / Países membro, obxectivos, requisitos, criterios, documentación, pagos, obrigas, xustificación e devolución do préstamo

MEDIA

Catálogo e búsqueda de axudas e convocatorias / Co-Development / Slate Development / TV and online content

EXERCICIO PRÁCTICO E RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS

María Rocher é actualmente responsable de axudas e coproducións en Federation Studios, cargo que exerceu anteriormente en Fasten Films, onde estivo ao cargo das axudas nacionais e internacionais de proxectos como 'La imatge permanent', 'O corpo aberto', 'Entre la vida y la muerte', 'La voluntaria', 'Mediterráneo' ou 'Uno para todos', entre outros.

25 N 10.00 – 14.00
DELIVERIES E REQUISITOS TÉCNICOS DE IMAXE E SON
> FERNANDO ALFONSÍN

- Importancia do Coordinador/Supervisor de Postproducción.
- O DIT en preproducción, rodaxe e postproducción.
- O tipo de cámara impón condicións.
- O material dixital rodado. Xestión e seguridade.
- As salas de montaxe... onde e cando.
- O laboratorio dixital e a precisión nos procesos de postproducción.
- Os deliveries. A ter en conta desde o primeiro día.

Fernando Alfonsín combina o seu labor como supervisor e coordinador de postproducción co seu traballo como colorista, DIT ou montador en cine, series e publicidade. A súa compañía, Alfonsín Digital Lab é un referente no mercado da postproducción, ofrecendo servizos de asesoría e deseño de fluxos de traballo, Técnico de Imaxe Dixital (DIT), edición, color grading e laboratorio de cine dixital. Fernando Alfonsín é tamén formador en cinematografía dixital para entidades como a ESCAC, a USC ou a UDC.

Acción formativa promovida pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

FINANCIADO POR

